PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
26 SET. 2018
Núm. 11439

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 2 de outubro de 2018, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Preguntas

1.1 33112 (10/POC-005184)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón
Sobre as razóns da demora no traslado ao Comité de Acoso Laboral de toda a información solicitada en relación coa demanda de dous axentes medioambientais adscritos ao distrito forestal XIX de Pontevedra
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 335, do 11.07.2018

1.2 33258 (10/POC-005197)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e Rodríguez Estévez, David
Sobre as razóns da Xunta de Galicia para non dotar dos medios persoais e orzamentarios necesarios o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo e deixar sen cubrir as vacantes de persoal investigador existentes
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 338, do 19.07.2018

1.3 35368 (10/POC-005609)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da elaboración dalgún estudo en relación co censo actual e distribución da poboación do xabaril en Galicia, as actuacións que vai levar a cabo para frear os danos que ocasiona ás explotacións agrarias e as medidas que vai impulsar para afrontalos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 353, do 06.09.2018

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
26 SET. 2018
Núm. 11439

1.4 36422 (10/POC-005797)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as previsións do Goberno galego referidas ao financiamento e execución do convenio de colaboración subscrito o 9 de agosto de 2018 entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e Seaga en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas franxas secundarias
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 359, do 20.09.2018

1.5 36474 (10/POC-005808)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e 4 máis
Sobre a relación dos concellos que se van beneficiar do Plan de infraestruturas rurais 2018-2019, as obras que se pretenden financiar con cargo a ese plan en cada un deles e os criterios para a adxudicación das axudas previstas nel, así como a realización dalgunha convocatoria para ese fin, os requisitos exixidos e o baremo establecido para a súa concesión
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 359, do 20.09.2018

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2018

Moisés Blanco Paradelo

Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:
Moises Blanco Paradelo, na data 26/09/2018 13:05:50